

Informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE)

Curso 2021-2022

Aprobado en Comisión de Garantía Interna de Calidade o 22/11/2022

Aprobado en Xunta de Escola o 23/11/2022

Vigo, a 23 de novembro de 2022

Guillermo García Lomba
Coordinador de Calidade

Contidos

1	Presentación.....	3
2	Actividades de coordinación do PAT.....	4
3	Actividades do Plan de Acción Titorial.....	5
3.1	Estudantado de novo ingreso e primeiro curso	5
3.1.1	Acto de acollida.....	5
3.1.2	Enquisa realizada ao estudantado de novo ingreso	5
3.1.3	Programa de mentorización na escola: MEET-Eme.....	6
3.1.4	Reunións das persoas coordinadoras dos graos co estudantado de primeiro curso	7
3.2	Estudantado de segundo, terceiro e cuarto cursos.....	8
3.2.1	Actividades do PAT de 2º curso.....	8
3.2.2	Actividades do PAT de 3º e 4º cursos do GEE	9
3.2.3	Actividades do PAT de 3º e 4º cursos do GERME	9
3.2.4	Actividades formativas para o estudantado de 3º e 4º cursos.....	11
4	Actividades do PAT do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	11
5	Actividades de formación	13
6	Actividades do Plan ANEAE	14
7	Programa de seguimento das persoas egresadas da EME.....	14
8	Conclusións.....	14
9	ANEXOS.....	15

1 Presentación

O informe final de avaliación do Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo PAT-ANEAE do curso 2021-2022 recolle as principais actuacións destinadas a favorecer a integración do estudantado na vida universitaria e atender as súas necesidades formativas e informativas.

O ámbito de aplicación destas actuacións foron as titulacións impartidas na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EME):

- Grao en Enxeñaría da Enerxía (en diante GEE)
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (en diante GERME)
- Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (en diante MUEM)

O curso 2021-22 foi un ano de transición en canto a que se procedeu a acometer unha reestruturación e configuración dos espazos de orientación e coordinación na plataforma MOOVI coa idea de evitar confusións entre os dous tipos de tarefas e de que constituían unha canle fundamental para o seu desenvolvemento. Este proceso levou bastante tempo e a posta en marcha dos novos espazos, en fase de proba, adíouse ata o segundo cuadrimestre.

Por unha banda creouse un espazo de **Orientación e Información** para cada curso dos graos e do máster (coa etiqueta **INFO**) ao que teñen acceso as persoas coordinadoras de curso e titulación e o estudantado matriculado de algunha materia do curso. A creación destes espazos ten a finalidade de facilitar a comunicación ao estudantado de información e actividades que se desenvolven ao longo do curso e a participación do estudantado nas enquisas que se realizan.

Por outra banda mantivéronse os espazos de **Coordinación** entre o profesorado de cada curso que estaban en uso (coa etiqueta **COOR**) e creouse un único espazo xeral de coordinación do profesorado (coa etiqueta **EME-PROF**). Este espazo abriuse en probas, coa idea de englobar todas as tarefas de coordinación, tanto as de coordinación de curso como as do equipo coordinador e das persoas titoras do PAT, de xeito que cada docente soamente ten acceso ás seccións correspondentes aos cursos nos que imparte docencia. O obxectivo da proba é avaliar se este espazo único resulta cómodo e claro tanto para o equipo coordinador como para o profesorado de cara á súa implementación definitiva no seguinte curso.

2 Actividades de coordinación do PAT

No curso 2021-22 designáronse como persoas titoras do PAT as persoas coordinadoras de cada curso. Os seus datos recóllense na táboa 1 xunto cos correspondentes ao programa de mentorización (MEET):

Táboa 1. Relación de persoas titoras do PAT

Función	Nome e apelidos	Contacto
Titora PAT de 1º graos	Elena González Rodríguez	elena@uvigo.es
Titor PAT de 2º graos	Pablo Eguía Oller	peguia@uvigo.es
Titor 3º, 4º GERME	Fernando M. Bastante	bastante@uvigo.es
Titor 3º, 4º GEE	Marcos Conde Fontenla	mfontenla@uvigo.es
Titor 1º MUEM	Guillermo García Lomba	glomba@uvigo.es
Titora 2º MUEM	Marta M. Cabeza Simón	mcabeza@uvigo.es
Coordinadora do PAT-ANEAE e do MEET	Ángeles Domínguez Santiago	eme.meet@uvigo.es admiguez@uvigo.es
Estudiantado titor do MEET-eme	Carmen Alonso Pérez	
	Diego Costas Moyano	
	Iago Cuñado Juncal	
	Alejandro Otero Álvarez	
	Belén Parente Artime	
	Iago Villarino García	

Ao longo do curso fixéronse dúas reunións xerais de coordinación do PAT.

Reunión 11/11/2021

Nesta reunión participaron a directora do centro Elena Alonso, o coordinador de calidade Guillermo García, o profesorado coordinador de curso (titores PAT), o coordinador do Grao de Enxeñaría da Enerxía Francisco Deive, o presidente da comisión de divulgación Santiago Pozo e a Xefa de negociado M^a Carmen Romo.

Nesta reunión informouse das actividades do PAT realizadas e das planificadas para o curso, da estrutura do PAT e da apertura de espazos en Moovi para información e coordinación. Tamén acordouse enviar os informes de coordinación ás persoas coordinadoras das titulacións, a realización de enquisas e reunións ao remate de cada cuadrimestre e a elaboración dunha listaxe coas preguntas máis habituais do estudiantado para a web do centro (FAQ).

Reunión 03/03/2022

Esta reunión, na que participaron a directora Elena Alonso, o coordinador de calidade Guillermo García, a coordinadora e titora de PAT de 1º curso Elena González e a coordinadora do MEET Ángeles Domínguez, tivo por obxectivo planificar o curso e aclarar e repartir as función de cada unha das coordinadoras no primeiro curso.

3 Actividades do Plan de Acción Titorial

3.1 Estudantado de novo ingreso e primeiro curso

3.1.1 Acto de acollida

Como cada ano, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía recibiu ao novo estudantado dos graos GEE e GERME (9 de setembro do 2021). Neste Acto de Benvida informouse ao estudantado de novo ingreso de ámbolos dous graos dos aspectos máis importantes da vida académica do centro: calendarios, horarios, prácticas, secretaría virtual, así como as actividades das diferentes asociacións estudantís e da UVigo: Delegación de estudantado, Foro Tecnolóxico, Área de Deportes e programa de mentorización (MEET).



Figura 1. Xornada de benvida para o estudantado de primeiro curso a) presentación da Escola a cargo do equipo directivo e do persoal coordinador b) Estudantado de primeiro curso

3.1.2 Enquisa realizada ao estudantado de novo ingreso

O estudantado de novo ingreso fixo una enquisa co obxectivo de coñecer os motivos para elixir os graos GEE e GERME así como os medios polos que coñeceron a titulación. No curso 2021-22 contestaron a enquisa un total de 44 alumnos, 32 do GEE e 12 do GERME.

A motivación para elixir a titulación era un pregunta aberta polo que as respostas son diversas e nalgúns casos deixárono en branco. Tendo en conta as respostas pódese facer a seguinte agrupación:

- Interese polas enerxías renovables e limpas: 8
- Boas perspectivas de futuro e saídas profesionais: 16
- Interese polas materias do plan de estudos: 5
- Como acceso a outras enxeñarías: 3
- Interese no medio ambiente: 2
- Outras (vocación, curiosidade, persoal, FP anterior, innovación, etc...): 6

Na pregunta relativa ao medio polo que coñeceron a titulación, a maioría sinalaron máis dunha opción, sendo a web da escola a que acadou un maior número de respostas:

- Familiares ou amigos: 14 respostas.
- Páxina web da escola: 27 respostas.
- Prensa/radio/TV: 1 resposta.
- Redes sociais: 4 respostas.
- Orientador-a/Titor-a/Profesorado do Colexio/Instituto: 6 respostas.
- Charlas da universidade no Colexio/Instituto: 7 respostas.
- Feiras de orientación universitaria: 1 resposta.
- Asistencia a algunha actividade/visita na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía: 2 respostas.

En canto ás outras opcións de matrícula na Universidade, na meirande parte eran outras enxeñarías (no caso de 4 alumnos do GEE a outra opción era GERME):

- Enxeñaría Química Industrial 2
- Ciencias del mar: 1
- Enxeñaría eléctrica: 3
- Química: 2
- Enxeñaría de Telecomunicacións: 3
- Enxeñaría industrial: 5
- Enxeñaría mecánica: 6
- Enxeñaría Aeroespacial: 1
- Enxeñaría en Organización: 1
- Enxeñaría Forestal: 1
- Biotecnoloxía e Bioloxía: 1
- Tradución e interpretación: 1.

3.1.3 Programa de mentorización na escola: MEET-Eme

A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía participa, xunto con outros seis centros da Universidade de Vigo, no programa de *mentoring* MEET dirixido ao estudiantado de nova incorporación. Neste programa, o estudiantado da escola de cursos superiores actúa como mentor/a co estudiantado de primeiro curso (*mentees*) co fin de facilitar a súa incorporación á vida universitaria mediante o desenvolvemento de habilidades comunicativas, o traballo en equipo, a xestión do tempo e a resolución de problemas (*soft skills*). A información sobre o MEET-emE pódese consultar na páxina web da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/estudiantes/orientacion-ao-estudiantado/meet-eme/>

O estudiantado mentor recibe formación previa ao longo de 10 sesións durante os meses de xuño e setembro. Para os novos mentores do curso 2021-22, a formación desenvólvese nas seguintes datas:

Datas	Tema
21 e 22 de xuño	Presentación e xestión do tempo e do estudo
25 de xuño e 1 de setembro	Habilidades interpersoais
2 e 3 de setembro	Habilidades intrapersoais
6 e 7 de setembro	Mentoría

Neste curso seis estudantes participaron no programa como mentores:

Reunións mentor-*mentees*

Co fin de facilitar as reunións do estudiantado mentor cos seus *mentees*, estas prográmanse para os mércores de 13 a 14h, franxa reservada nos horarios da escola. Neste curso, as oito reunións mentores-*mentees* foron nas datas que se indican na táboa.

Data	Tema
22 de setembro	Presentación
6 de outubro	Técnicas de estudo e xestión do tempo
3 de novembro	Técnicas de estudo e xestión do tempo
15 de decembro	Autoconecemento e xestión emocional
2 de febreiro	Motivación e autoestima
2 de marzo	Comunicación
6 de abril	Traballo en equipo e liderado
4 de maio	Peche

Reunións da coordinadora MEET-emE co estudiantado mentor

Ao principio de curso e o final de cada trimestre realizáronse reunións da coordinadora do MEET co estudiantado mentor para analizar o desenvolvemento do programa de mentorización ao longo do curso. Debido as restricións pola COVID-19, neste curso houbo quenda de mañá e quenda de tarde para o estudiantado de 1º o que supuxo un grave inconveniente para os mentores e un abandono prematuro do programa do estudiantado de quenda de tarde.

3.1.4 Reunións das persoas coordinadoras dos graos co estudiantado de primeiro curso

As persoas coordinadoras dos graos, María Araujo (GERME) e Francisco Deive (GEE), fixeron dúas reunións conxuntas co estudiantado de primeiro curso de ámbolos dous graos para detectar posibles problemas na implantación do plan novo. Estas sesións tiveron lugar o 27 de outubro de 2021 en quendas de mañá e de tarde.

O obxectivo destes dous encontros foi a presentación inicial das persoas coordinadoras de grao ao estudiantado de primeiro curso e coñecer se existían dificultades relacionadas co inicio da súa etapa universitaria. O estudiantado indicou só dous aspectos relevantes recollidos nos informes dos coordinadores, con respecto as dificultades encontradas en dúas materias. Se trataron estes aspectos co profesorado responsable das materias.

Tamén se lles preguntou se coñecían casos de compañeiros ou compañeiras que abandonaran os seus estudos, así como os posibles motivos. O estudiantado indicou que, nalgúns casos concretos, era que non lles gustaron as enxeñarías pero que non coñecían ningún problema importante a destacar xa sexa a nivel administrativo ou docente.

Os informes do PAT do Grao de Enxeñaría da Enerxía e do Grao de Recursos Mineiros e Enerxéticos achéganse como Anexos.

3.2 Estudiantado de segundo, terceiro e cuarto cursos

3.2.1 Actividades do PAT de 2º curso

Realizouse unha sesión curta ao inicio de curso consistente na presentación PAT e do titor.

Fixéronse as enquisas para recoller información sobre a dificultade das materias (Anexo IV-A do PAT-ANEA, do curso 2021-22).

Resumo das enquisas de 2º curso (1º cuadrimestre)

- De acordo cas respostas, o 68.8% do estudiantado declara estudar todos os días
- Número medio de horas de estudio semanais: 3,2 horas
- Dificultade media das materias: 2,5 (1-baixa, 2-media, 3-alta)
- Materia máis doada: Tecnoloxía de materiais (2,15)
- Materias máis difíciles: Circuitos eléctricos (2,9)

Resumo das enquisas de 2º curso (2º cuadrimestre)

- De acordo cas respostas, o 68.8% do estudiantado declara estudar todos os días.
- Número medio de horas de estudio semanais: 2,8 horas
- Dificultade media das materias: 2,4 (1-baixa, 2-media, 3-alta)
- Materia máis doada: Seguridade e saúde (1,6)
- Materias máis difíciles: Enxeñaría mecánica (2,9)

Ademais, as persoas coordinadoras dos graos, María Araujo (GERME) e Francisco Deive (GEE), fixeron dúas reunións conxuntas co estudiantado de segundo curso de ámbolos dous graos, unha en cada cuadrimestre.

Reunión do 17 de Novembro de 2021. O obxectivo foi a valoración do curso anterior e o inicio do curso 2021-2022. Con respecto ao curso pasado destacaron a dificultade da materia Cálculo II pola falta de coñecementos de bacharelato debido ao peche dos centros pola pandemia no curso 2019-2020. Do curso 2021-2022 destacaron dificultades cos horarios e con algunhas materias. Dende a coordinación contactouse co profesorado para resolver estes problemas tal y como se indica no informe dos coordinadores dos graos.

Reunión do 9 de Marzo de 2022. O obxectivo desta reunión foi valorar os resultados de primeiro cuadrimestre e as dificultades encontradas no segundo. O estudiantado destacou a dificultade dalgunhas materias con exceso de contidos ou picos de traballo. As persoas coordinadoras de

titulación decidiron recoller estes comentarios para telos en conta na elaboración das guías docentes do próximo ano.

Durante as diferentes reunións reflexionouse sobre aspectos docentes e tamén analizáronse as principais incidencias, suxestións, debilidades e puntos fortes coa finalidade de establecer as accións de mellora oportunas ou fomentar as boas prácticas. Estas reunións entre as persoas coordinadoras de titulación permitiron detectar incidencias no desenvolvemento da docencia no segundo curso do plan novo, que se impartiu por primeira vez no 2021-2022.

Os informes do PAT do Grao de Enxeñaría da Enerxía e do Grao de Recursos Mineiros e Enerxéticos achéganse como Anexos.

Ademais, a coordinadora do grao ERME realizou unha sesión informativa sobre as mencións do grao co estudiantado de 2º curso (do plan novo deste grao) o 14 de xuño de 2022.

3.2.2 Actividades do PAT de 3º e 4º cursos do GEE

Tanto no 3º curso do grao como no 4º curso, realizouse unha charla curta de presentación do titor de curso e do PAT-ANEAE.

Cara ao final de cada cuadrimestre fixéronse as enquisas de dificultade das materias (Anexo IV-A do plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas, PAT-ANEAE, do curso 2021-22) . No caso da enquisa do segundo cuadrimestre do 4º curso, ao finalizar antes a docencia, as respostas foron poucas.

Resumo das enquisas de 3º curso

- De acordo coas respostas, o 48,8% do estudiantado declara estudar todos os días.
- Número medio de horas de estudo semanais: 4,16 horas
- Dificultade media das materias: 2,35 (1-baixa, 2-media, 3-alta)
- Materia máis doada: Enerxía nuclear (1,85)
- Materias máis difíciles: Transmisión de calor aplicada (2,8) e Instalacións renovables (2,77)

Resumo das enquisas de 4º curso

- Neste curso o 50% do estudiantado declara estudar todos os días.
- Número medio de horas de estudo semanais: 3,64 h
- Dificultade media das materias: 1,86 (1-baixa, 2-media, 3-alta)
- Materia máis doada: Proxectos (1)
- Materia máis difícil: Utilización da enerxía eléctrica (2,25)

No apartado de resposta libre, os temas máis salientables descritos polo estudiantado foron queixas pola falta de docencia de materias do plan a extinguir, a resolución de poucos exercicios, apuntes insuficientes ou excesiva dependencia da nota do exame final nalgunhas materias e horario mellorable no 3º curso.

O coordinador do grao tivo unha sesión informativa o 14 xuño de 2022, co estudiantado de 3º curso (do plan en extinción), sobre as mencións do grao.

3.2.3 Actividades do PAT de 3º e 4º cursos do GERME

Tanto no 3º curso do grao como no 4º curso, realizouse una sesión curta de presentación do titor de curso e do PAT-ANEAE.

Cara ao final de cada cuadrimestre fixéronse as enquisas de dificultade das materias (Anexo IV-A do PAT-ANEAE, do curso 2021-22) . As respostas foron poucas a pesar dos recordatorios do titor.

Resumen das enquisas de 3º curso

Debido as poucas respostas e a variedade das materias do estudantado non se poden sacar conclusións. O estudantado que contestou considera a maioría das materias de dificultade media.

Resumen das enquisas de 4º curso

Na enquisa das materias do primeiro cuadrimestre houbo 5 respostas e no segundo cuadrimestre só unha.

Materias do primeiro cuadrimestre

- Neste curso o 60% do estudantado declara estudar todos os días.
- Número medio de horas de estudio semanais: 1,7 h.
- Dificultade media das materias: 1,94 (1-baixa, 2-media, 3-alta)

O titor convocou ao estudantado a unha reunión final tras os exames do segundo cuadrimestre á que non acudiu ninguén e tampouco cubriron a enquisa de satisfacción.

3.2.4 Actividades formativas para o estudiantado de 3º e 4º cursos

Realizáronse diversas actividades informativas orientadas ao estudiantado de 3º e 4º cursos.

Táboa 2. Relación de actividades de orientación académica e profesional

Actividade	Persoas destinatarias	Data	Participantes na actividade
Sesión de orientación académica e profesional para estudiantado I	Estudiantado de 3º e 4º dos graos e de 2º do máster	13 outubro 2021	Directora da Escola de Minas e Enerxía
Foro Tecnolóxico de Emprego	Estudiantado de 3º e 4º últimos cursos dos graos e último curso do máster	9, 10 e 11 marzo de 2022	Delegacións de Estudiantado da Escola de Minas e Enerxía, Escola de Enxeñaría Industrial e Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións.
Sesión de orientación académica e profesional para o estudiantado	Estudiantado 3º e 4º dos graos e 2º de máster	1 xuño 2022	Directora da Escola de Minas e Enerxía e Enlace Persoas Egresadas
Obradoiro Emprego	Estudiantado 3º e 4º dos graos e 2º de máster	1 xuño 2022	Área Emprego UVIGO
Sesión informativa oferta formativa estudos de máster	Estudiantado de 3º e 4º curso dos graos	21 xullo 2022	Coordinadora titulación

4 Actividades do PAT do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

Realizouse o acto de acollida do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas o 20 de Setembro de 2021.

As sesións informativas sobre orientación académica e profesional para o estudiantado de 2º de máster realizáronse conxuntamente co estudiantado de 3º e 4º dos graos como se pode ver na táboa anterior.

As persoas coordinadoras de primeiro e segundo curso habilitaron un espazo virtual para cada un dos cursos que se emprega como canle de comunicación co estudiantado, onde se informa de cambios puntuais en horarios/espazos docentes, oferta de becas, celebración de conferencias, cursos, seminarios ou outras actividades extracurriculares de interese para o estudiantado. O devandito espazo é xestionado directamente pola persoa Coordinadora de Curso.

Utilizando este espazo, leváronse a cabo dúas enquisas ao estudiantado de 1º curso do MUEM, nas que responderon 5 alumnos á do primeiro cuatrimestre e 4 á do segundo (sendo 4 o número de estudantes de nova matrícula).

Enquisa do primeiro cuadrimestre

- De acordo coas respostas, o 25% do estudiantado matriculado do curso completo declara estudar todos os días (20% do total).
- Dificultade media das materias: 2 (1-baixa, 2-media, 3-alta)
- Materia máis doada: Deseño e execución de obras subterráneas (1.5)
- Materia máis difícil: Obtención e transformación de materiais metálicos (3), con 5 respostas.

Enquisa do segundo cuadrimestre

- De acordo coas respostas, o 25% do estudiantado declara estudar todos os días.
- Dificultade media das materias: 2,1 (1-baixa, 2-media, 3-alta)
- Materia máis doada: Enxeñaría mineira (1)
- Materia máis difícil: Enxeñaría de minerais e materiais (2,75)

Nas respostas libres nos dous cuadrimestres destacan como as actividades máis interesantes as saídas de estudos e nas suxestións piden que se fagan melloras nos horarios. Tamén sinalan algunha incidencia puntual no desenvolvemento dalgunha materia.

No 2º curso do MUEM a participación na enquisa do primeiro cuadrimestre foi moi baixa, polo que se estima convinte retomar no próximo curso as reunións presenciais do PAT. As poucas respostas obtidas amosan que non houbo problemas destacables nese cuadrimestre. A dedicación ao estudo das diferentes materias parece adecuado. Valoran moi positivamente as visitas realizadas e tamén as materias nas que realizan prácticas de simulación.

O segundo cuadrimestre do segundo curso está dedicado ás prácticas de empresa e o traballo fin de Máster, polo que non se realizou ningunha enquisa. A persoa coordinadora propón elaborar un novo cuestionario específico, adaptado ás características propias deste cuadrimestre.

5 Actividades de formación

Durante o curso realizáronse unha serie de accións formativas que se recollen na táboa.

Accións formativas			
Seminario práctico: Introdución a sondaxes de perforación	Estudantado da EME	22 de setembro de 2021	Impartido por Andrea Martín Atanes. <i>Lead Well Engineering. Drilling & Completion Norway, REPSOL</i>
Curso: Introducción Xeoestatística e manexo de software SGeMS	Estudantado da EME	20, 21 e 22 de setembro de 2021	Impartido por Mohammad Maleki Universidad Católica del Norte, Chile
1º edición curso de Fotografía con <i>Smartphone</i>	Estudantado da EME e público xeral	29 outubro, 5 e 12 novembro 2021	Impartido por Janite Lafuente
2ª edición curso de Fotografía con <i>Smartphone</i>	Estudantado da EME e público xeral	19 novembro, 3 e 10 decembro 2021	Impartido por Janite Lafuente
Xornadas ENMI	Estudantado da EME e público xeral	10 novembro 2021	Conferencia “ <i>Sistemas de almacenamento de enerxía: pilas/baterías/corrosión</i> ”
Xornadas ENMI	Estudantado da EME e público xeral	17 novembro 2021	Conferencia “ <i>Tecnoloxía matemática para a industria e o medio ambiente</i> ”
Xornadas ENMI	Estudantado da EME e público xeral	24 novembro 2021	Conferencia “ <i>O papel das materias primas minerais na transición enerxética</i> ”
Xornadas ENMI	Estudantado da EME e público xeral	1 decembro 2021	Conferencia “ <i>Decreemento e economía circular</i> ”
Curso: Caracterización de discontinuidades mediante 3DPC	Estudantado da EME	15 febreiro 2022	Impartido por Adrián Riquelme Guill (Universidad de Alicante)
Cinefórum (In)Visibilidade das mulleres STEAM na cinematografía	Estudantado da EME e público xeral	5, 12 e 19 de maio 2022	Proxección 4 películas e sesión debate
Conferencia	Estudantado da EME e público xeral	31 maio 2022	Conferencia: “ <i>Environmental effects on the physical and mechanical properties of ornamental stones</i> ”

6 Actividades do Plan ANEAE

Na escola, no curso 2021-2022 só había unha persoa no programa PIUNE. Esta persoa xa formara parte do programa en cursos anteriores polo que coñecía perfectamente o funcionamento do mesmo. Ao principio de cada cuadrimestre enviouse un *email* ao profesorado coordinador das materias nas que estaba matriculada coas indicacións remitidas pola UNATEN. Ao final de cada cuadrimestre a coordinadora do PAT-ANEAE enviou os correspondentes informes á Área de atención a diversidade. Non houbo incidencias ao longo do curso.

7 Programa de seguimento das persoas egresadas da EME

Cabe sinalar que a Escola acordou nomear a Eduardo Liz “Enlace coas Persoas Egresadas” para o curso 2022-2023. No obstante, comezou a súa actividade en maio de 2022. Contactou coas persoas egresadas dos graos para informar da posta en marcha do programa de seguimento e recoller información sobre a súa actividade profesional e académica. Responderon de momento 215 persoas egresadas, o que supón case un 60% do colectivo total (363 persoas) e reactivou o grupo de antigos/as alumnos e alumnas da Escola en *Linkedin*, que pasou de ter 172 membros a 276.

8 Conclusións

O curso 2021-2022 foi un curso de transición ao poñerse en funcionamento os espazos de orientación e de coordinación na plataforma Moovi, o que deu lugar a un retraso na realización das enquisas nalgúns cursos.

En xeral obsérvase que a participación do estudantado nas reunións cos titores e a participación nas enquisas baixa conforme aumenta o curso. Con respecto a dificultade das materias, a dificultade media diminúe de 2º a 4º curso o que podería deberse en parte a un cambio no concepto de "*materia difícil*" a medida que o curso aumenta máis que á dificultade intrínseca da materia.

Sobre o programa de mentorización, cabe sinalar a diminución da participación do estudantado de primeiro a medida que avanza o curso. A pesar diso o estudantado mentor mostran a súa satisfacción co MEET.

Aínda que se realizan un número alto de actividades, tanto a participación do estudantado como a súa percepción do interese e importancia do PAT foron menores do esperado, polo tanto pode ser necesario reconsiderar as accións propostas e a difusión das mesmas.

9 ANEXOS